ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SAR
CURSO: 4º ESO
MATERIA: Economía
DEPARTAMENTO: Economía
DATA: 07-05-2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles..... páxina 3

2. Avaliación e cualificación..... páxina 4

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) ..... páxina 5

4. **Información e publicidade** ..... páxina 5

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	**Estándar de aprendizaxe**
▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.
▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.
▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: -Participación nas clases (presenciais ou online). -Iniciativa e interese polo traballo. -Precisión e corrección no uso da linguaxe.
	Instrumentos: -Actividades: fichas, actividades do libro de texto, comentarios de texto, etc. -Caderno de clase. -Exames e/ou traballos de investigación e síntese.
Cualificación final	Os contidos e competencias que se traballen dende o 13 de marzo ata o final de curso son avaliables e servirán para mellorar a cualificación obtida na primeira e segunda avaliación. A terceira avaliación só contará para subir a nota final, nunca para baixala. A puntuación máxima se logrará sempre que as tarefas estean ben realizadas e presentadas no seu prazo. A cualificación final da convocatoria de xuño farase co cálculo de media da primeira e segunda avaliación, máis a nota da terceira avaliación, que só poderá alcanzar un máximo de 2 puntos.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que se presente a convocatoria de setembro deberá examinarse dos contidos da primeira e segunda avaliación.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- As tarefas subidas a classroom - Comentarios de texto - Actividades de investigación e síntese
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Realizarase mediante envíos de correos electrónicos a todo o alumnado . Previamente todo o alumnado confirmou que recibe o correo electrónico, preferentemente o alumnado de 4º de Eso e 2º de Bacharelato
Materiais e recursos	- Libro virtual Economía (ed. McGraw Hill) - Apuntes elaborados polo profesor - Web blinklearning

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información realizarase a través dos correos: sar.javierferreiros@iesdesar.org
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.